


# A QUE SABE A LÚA?

A actividade artística que imos levar a cabo hoxe, ten como base a visualización do conto "A QUE SABE A LÚA?", que conta unha historia na que, un desexo que nun principio parecía ser inalcanzable, se converte en realidade grazas á cooperación e á axuda.

1. Para levar a cabo esta actividade o primeiro paso é que os nenos/as **visualicen o conto**, ao que podeades acceder pinchando na imaxe que tedes á dereita do texto.



2. A continuación, co emprego dun cartón ou coa unión de tres papeis A4 (unidos en vertical), practicaremos a técnica da "ESTAMPACIÓN DE MANS", que consiste



en mollar a man en tempera ou pintura de dedos e estampala sobre un papel, para a continuación, despois de deixalo secar, decorar esta man e convertela nun animal.

(Se non dispós na casa de pintura deste tipo, outra opción é calcar a man sobre o papel e a continuación colorear o seu interior).

Co emprego desta técnica deberán ir creando os diferentes animais do conto na orde na que aparecen neste e representando a súa escena principal.

3. Rematada a confección do panel representativo do conto, pídelle que lle conte aos demais membros da familia o conto, empregando como soporte o panel creado. Favorecerás o traballo da memoria, comprensión, creatividade, imaxinación... e estimularás moito a súa expresión oral.



4. A continuación podedes practicar as **onomatopeas** que representan os sons dos animais protagonistas do conto, pois resultaralles moi divertido. Ademais podes preguntarlle que outros animais coñece e cal é o son destes. Estarás estimulando a súa linguaxe de forma lúdica!

5. Finalmente podedes inventar unha **CANCIÓN** a partir do conto e do panel creado, na que estean presentes os animais protagonistas e os seus sons.

6. E se aínda tedes ganas de seguir xogando en familia, podedes crear un **acompañamento musical** para esa canción empregando obxectos que teñades na casa (cubos, latas, lapis, botes de diferentes materiais, paus, recipientes con legumes...).



**ESPERAMOS QUE DISFRUTEDES MOITO DA ACTIVIDADE!**

